

incluir como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución do risco.

Os notificadores por instancia dos cales se incluíu o metiram no anexo I do Real decreto 2163/1994 presentarán á Comisión Europea estudos adicionais co fin de confirmar a avaliación do risco para as aves e os mamíferos, no prazo de dous anos, a partir da entrada en vigor desta orde.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2006 ao 30 de xuño de 2016.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 31 de decembro de 2006.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: 30 de xuño de 2010, para formulacións que conteñan metiram como única substancia activa, ou ben como unha de varias substancias activas incluídas na súa totalidade no anexo I do Real decreto 2163/1994, dentro do prazo que termina o 30 de xuño de 2006.

Protección de datos: por ser o metiram unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

9832 *REAL DECRETO 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados.* («BOE» 132, do 3-6-2006.)

A utilización de aceites industriais ou lubricantes en equipamentos tan ligados á nosa vida cotiá como a maquinaria industrial, os vehículos de automoción ou os sistemas hidráulicos de transmisión, por citar algúns dos exemplos máis significativos, ten lamentablemente como consecuencia a xeración de aceites usados e fai, por tanto, necesario establecer medidas para reducir ao mínimo posible a produción destes residuos perigosos e fomentar que os que se xeren se xestionen mediante as alternativas que garantan un maior grao de protección do ambiente e da saúde das persoas.

A incidencia ambiental destes residuos, que teñen a consideración de perigosos, motivou que xa no ano 1975 se adoptasen medidas no plano comunitario, mediante a Directiva 75/439/CEE do Consello, do 6 de xuño de 1975, relativa á xestión dos aceites usados, posteriormente modificada pola Directiva 87/101/CEE do Consello, do 22 de decembro de 1986.

Estas directivas foron incorporadas ao ordenamento interno mediante a Orde do 28 de febreiro de 1989, pola que se regula a xestión de aceites usados, modificada pola Orde do 13 de xuño de 1990, polo que o tempo transcorrido e o rango das disposicións de carácter básico en que se recolleu a normativa comunitaria fan aconsellable dispor dun marco normativo adecuado no cal se regulen todos os aspectos ambientais relacionados cos aceites usados, sen prexuízo da aplicación do resto das medidas establecidas con carácter xeral na normativa sobre residuos e, en particular, na de residuos perigosos.

Por outro lado, no título II da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, incorpórase ao noso ordenamento interno o principio de responsabilidade do produtor, un dos máis relevantes de cantos figuran na Estratexia comunitaria sobre residuos, no VI Programa comunitario de actuación en materia de ambiente e no Libro Verde da Comisión Europea de Política Integrada de Produtos.

De acordo con este principio, os fabricantes teñen que asumir tamén obrigas para a correcta xestión dos residuos que se xeren despois do uso ou consumo dos produtos que poñen no mercado e, precisamente por isto, no artigo 7 da Lei 10/1998, do 21 de abril, facúltase o Goberno

para que regulamentariamente poida establecer medidas mediante as cales, entre outros aspectos, se obrigue os citados axentes económicos a fabricaren os seus produtos dunha forma determinada ou a participaren en sistemas que faciliten a recolla selectiva dos residuos. Igualmente, no artigo 8 da mencionada lei permítese expresamente que as anteriores obrigas poidan ser cumpridas organizando sistemas propios de xestión, mediante a celebración de acordos voluntarios ou convenios de colaboración, seguindo outro dos principios inspiradores da política comunitaria sobre residuos, como é o de responsabilidade compartida.

Desde o punto de vista do seu contido, neste real decreto establécense, en primeiro lugar, as normas que se deberán respectar na fabricación dos aceites industriais e, en tal sentido, exíxese que conteñan na súa composición a menor cantidade posible de substancias perigosas para reducir ao máximo a incidencia ambiental dos aceites usados que se xeren, a un tempo que se impón aos fabricantes a obriga de elaboraren plans empresariais de prevención, considerados como instrumentos en que se materializarán as medidas que porán en marcha os fabricantes para reducir a cantidade e a perigosidade dos aceites industriais.

En segundo lugar, no artigo 1.2 da Lei 10/1998, do 21 de abril, facúltase o Goberno para establecer normas aplicables aos diferentes tipos de residuos, nas cales se fixarán disposicións particulares relativas á súa produción e xestión.

De conformidade coa anterior habilitación legal, neste real decreto establécense as medidas sobre a produción, posesión e xestión de aceites usados, partindo da premisa inicial de que produtores e posuidores deben garantir a entrega dos aceites usados a un xestor autorizado para a súa valorización ou eliminación, a menos que procedan a xestionalos por si mesmos. E nese aspecto radica unha das máis importantes novidades deste real decreto, na medida en que permite que os posuidores de aceites usados poden garantir a súa correcta xestión entregándoos aos fabricantes, os cales, en aplicación do xa citado principio de responsabilidade do produtor, estarán en tal caso obrigados a facerse cargo deles e a entregalos para a súa correcta xestión. Para estes efectos, establécense unha orde de prioridades para a xestión de aceites usados, na cal, sobre a base da aplicación de políticas preventivas que favorezan a redución da cantidade de aceites usados xerados e das substancias contaminantes que conteñen, se prima a rexeneración sobre calquera outro método, seguida doutras formas de reciclaxe, da valorización enerxética e da eliminación, como último método e ao cal só haberá que recorrer cando non se poida empregar algún dos anteriores. Asemade establécense obxectivos ecolóxicos concretos de rexeneración e valorización.

Non obstante, os fabricantes de aceites industriais poden cumprir a anterior obriga de facerse cargo dos aceites usados se, xunto a outros axentes económicos interesados, se comprometen a garantir a súa recolla selectiva e a xestión segundo a anterior orde de prioridades, a través de sistemas integrados de xestión de aceites usados, autorizados e controlados polas comunidades autónomas.

Desta forma, os sistemas integrados de xestión financiaranse mediante unha achega efectuada polos fabricantes do aceite industrial posto no mercado nacional e as cantidades así recadadas destinaranse esencialmente á xestión ambientalmente correcta dos aceites usados, despois da aprobación das comunidades autónomas. Entre estas medidas destaca a necesidade de cubrir os déficits de explotación das actividades de valorización, até conseguir un beneficio razoable, tal como se permite expresamente na Directiva 75/439/CE do Consello, do 6 de xuño de 1975, relativa á xestión dos aceites usados, pois é evidente que, ao menos de momento, estas actividades non son economicamente competitivas en termos exclusivos de mercado e resulta por isto necesario incentivar o funcionamento de instalacións adecuadas de xestión.

Consecuentemente, se até o de agora os mencionados déficits de explotación se viñeron cubrindo con fondos públicos procedentes dos orzamentos xerais do Estado, mediante un réxime de axudas convocado anual-

mente polo Ministerio de Medio Ambiente e xestionado polas comunidades autónomas, a partir da entrada en vigor deste real decreto e coa posta en marcha dos sistemas integrados de xestión garátese o financiamento destas actuacións por parte do propio sector fabricante, de acordo co tantas veces repetido principio de responsabilidade do produtor, ao cal neste caso se engade tamén o de responsabilidade compartida, na medida en que son os propios axentes económicos afectados que se autorregulan e se comprometen na xestión ambientalmente correcta dos aceites usados, utilizando novos instrumentos de corte convencional como os acordos voluntarios.

Evidentemente, mediante o sistema regulado débese respectar tamén a orde de prioridades anteriormente sinalada e precisamente por isto neste real decreto se establece que serán preferentes as accións que incentiven a rexeneración e a reciclaxe dos aceites usados. Do mesmo modo, ben que poderán ser obxecto de compensación diversas actuacións que se realicen cos aceites usados con carácter previo á súa valorización, como a recolla, o transporte, a análise ou o tratamento previo ou secundario, cando se trate de actividades de xestión final só se poderán incentivar a rexeneración ou outras formas de reciclaxe, polo que en ningún caso se financiarán operacións directas de xestión final distintas, como a combustión dos aceites usados mediante incineración.

Polo seu contido, este real decreto ten a consideración de lexislación básica sobre protección do ambiente, de conformidade co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución.

Na súa elaboración foron consultadas as comunidades autónomas, o Consello Asesor de Medio Ambiente e os axentes económicos e sociais interesados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2006,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer medidas para prever a incidencia ambiental dos aceites industriais, así como para reducir a xeración de aceites usados despois da súa utilización ou, ao menos, facilitar a súa valorización, preferentemente mediante rexeneración ou outras formas de reciclaxe, de acordo coa orde de prioridades establecida no artigo 7.

2. En aplicación do establecido no artigo 7 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, corresponde aos fabricantes de aceites industriais que os poñen no mercado a obriga de garantir o correcto cumprimento do establecido no parágrafo anterior. Cada fabricante garantizará esa correcta xestión para unha cantidade de aceites usados directamente proporcional á cantidade de aceite novo que pon no mercado, para o que se terán en conta os coeficientes de xeración destes residuos por litro de aceite novo posto no mercado. Estes coeficientes poderán ser establecidos polo Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, sobre a base dos mellores datos estatísticos dispoñibles.

En caso de que a xestión dos aceites usados carrete un custo económico, o seu financiamento deberá ser asegurado polos fabricantes de aceites industriais.

3. Quedan dentro do ámbito de aplicación deste real decreto os aceites industriais postos no mercado nacional, tanto os fabricados en España como os importados e os adquiridos noutro Estado da Unión Europea, así como os aceites usados xerados no territorio español despois da utilización dos aceites industriais. Tamén será de aplicación este real decreto aos aceites industriais usados importados ou procedentes doutros estados da Unión Europea; nestes casos os importadores, adquirentes ou receptores serán os responsables da súa xestión de acordo co establecido neste real decreto.

Quedan exceptuados os aceites usados que conteñan policlorobifenilos (PCB), incluídos no Real decreto 1378/1999, do 27 de agosto, polo que se establecen medidas para a eliminación e xestión dos policlorobifenilos, policloroterfenilos e aparellos que os conteñan, que se xestionarán de conformidade co establecido neste real decreto. Non obstante, si será de aplicación este real decreto aos aceites con concentracións de PCB inferiores a 50 ppm que se obteñan nos tratamentos de descontaminación dos PCB.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos do establecido neste real decreto teranse en conta as seguintes definicións, ademais das xa establecidas na Lei 10/1998, do 21 de abril, e na normativa sobre residuos perigosos:

a) «Aceites industriais»: os aceites lubricantes de base mineral, sintética ou asimilada de orixe animal, en particular os aceites dos motores de combustión, dos sistemas de transmisión, dos lubricantes, das turbinas e dos sistemas hidráulicos. Están incluídos nesta definición os produtos e preparacións que se indican no anexo III.

Calquera outro produto que se destine ao consumo, se poña á venda ou se utilice nos usos que son propios dos produtos e preparacións enumerados no parágrafo anterior, de acordo cos criterios establecidos na nomenclatura combinada detallada no anexo III.

b) «Aceites usados»: todo aceite industrial que se tornase inadecuado para o uso que lle asignou inicialmente. Inclúense nesta definición, en particular, os aceites minerais usados dos motores de combustión e dos sistemas de transmisión, os aceites minerais usados dos lubricantes, os de turbinas e dos sistemas hidráulicos, así como as mesturas e emulsións que os conteñan. En todo caso quedan incluídos nesta definición os residuos de aceites correspondentes aos códigos 13 01, 13 02, 13 03, 13 05 e 13 08 da Lista Europea de residuos (LER). Os aceites usados son residuos perigosos, de acordo co establecido no artigo 3.c) da Lei 10/1998, do 21 de abril.

c) «Recolla»: conxunto de operacións que permiten transportar os aceites usados dos posuidores ás empresas que os xestionan ou destas entre si.

d) «Recollector»: transportista que, asumindo a titularidade do residuo, realiza operacións de recolla de aceites usados.

e) «Recuperación»: actividade de xestión dos aceites usados cuxo obxecto é o aproveitamento dos recursos contidos nos aceites usados, en forma de valorización material ou enerxética, precedendo os tratamentos e autorizacións necesarias.

f) «Reciclaxe»: a valorización material dos aceites usados, mediante rexeneración ou mediante outros procedementos, que permita a súa utilización, precedendo os tratamentos e autorizacións necesarios, na fabricación doutros produtos como asfaltos, pinturas, tintas, vernices, cauchos, etc. Esta operación correspóndese coa R5 do anexo II B da Decisión 96/350/CE da Comisión, do 24 de maio de 1996, pola que se adaptan os anexos IIA e IIB da Directiva 75/442/CEE, relativa aos residuos.

g) «Rexeneración»: proceso mediante o cal se produce aceite de base industrial por medio dunha nova refinación dos aceites usados, combinando a súa destilación con procesos físicos e químicos que permitan eliminar os contaminantes, os produtos de oxidación e os aditivos que conteñen, até facelo apto de novo para o mesmo uso inicial, de acordo cos estándares de calidade e as autorizacións exixidos pola lexislación vixente. Esta operación correspóndese coa R9 do anexo II B da Decisión 96/350/CE da Comisión, do 24 de maio de 1996.

h) «Combustión»: a utilización dos aceites usados como combustible cunha recuperación adecuada da calor producida.

i) «Valorización enerxética»: a utilización dos aceites usados como combustible, cunha recuperación adecuada da calor producida, realizada coas autorizacións necesarias e despois da comprobación analítica da súa adecuación para este uso e, de ser necesario, do tratamento

previo ou secundario que resulte necesario. Esta operación correspóndese coa R1 do anexo II B da Decisión 96/350/CE da Comisión, do 24 de maio de 1996.

j) «Tratamento previo»: toda operación consistente na separación das materias estrañas e impurezas contidas nos aceites usados, como auga ou sedimentos, por medio de cubas centrífugas ou filtros, ou da adición de substancias químicas. Así mesmo, terá esta consideración a separación das fraccións lixeiras dos aceites usados con vistas á utilización das fraccións pesadas como combustible en factorías cimenteiras, noutras instalacións industriais adecuadas ou en grandes equipamentos mariños, cumprindo os estándares de calidade ecolóxica e industrial requiridos pola lexislación vixente para os combustibles e carburantes.

k) «Tratamento secundario»: todo proceso de destilación asociado a outro de carácter químico, en particular a adición de sodio, que permita eliminar os contaminantes contidos nos aceites usados, producindo fraccións lixeiras e bituminosas, principalmente diésel mariño para usos enerxéticos.

l) «Fabricantes de aceites industriais»: os axentes económicos dedicados á elaboración, importación ou adquisición intracomunitaria de aceites industriais para a súa posta no mercado nacional.

m) «Aceite de base procedente de aceite usado»: fraccións derivadas dos aceites usados rexenerados que permiten formular aceites industriais e lles confiren as súas características particulares.

Artigo 3. *Fabricación e posta no mercado de aceites industriais.*

1. Os aceites industriais deberanse fabricar de tal forma que na súa composición figure o menor número e cantidade posibles de substancias perigosas ou contaminantes, e que se facilite a correcta xestión ambiental dos residuos resultantes do seu uso.

2. Corresponde aos fabricantes de aceites industriais a obriga de asegurar a xestión dos aceites usados xerados pola utilización daqueles, segundo o establecido neste real decreto, e a de sufragar o custo total das operacións necesarias para isto.

3. A xestión dos residuos de envases de aceites industriais levarase a cabo de acordo co establecido nas lexislacións en materia de residuos de envases e de residuos perigosos. En todo caso, os envases usados que contiveron aceites industriais recolléranse selectivamente e non se mesturarán con outros residuos. Esta obriga de recolla selectiva non será de aplicación aos envases de aceites industriais adquiridos por consumidores individuais.

4. Nas etiquetas dos envases de aceites industriais que se poñan no mercado, e en lugar ben visible, deberase incluír a seguinte frase: «a xestión ecolóxica dos aceites usados xerados despois da utilización deste aceite está regulada no Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados, que exige que eses residuos sexan entregados polo seu posuidor ao fabricante do aceite, a un xestor autorizado de aceites industriais usados, ou a un sistema integrado de xestión autorizado para este tipo de residuos». Nestas mesmas etiquetas indicárase, se for o caso, o sistema integrado de xestión previsto para a xestión do aceite usado que se orixine despois do seu uso mediante un logotipo que permita identificar o responsable da súa correcta xestión ambiental.

Artigo 4. *Plans empresariais de prevención dos efectos dos aceites industriais sobre o ambiente.*

1. De conformidade co establecido no artigo 7.1.a) da Lei 10/1998, do 21 de abril, os fabricantes de aceites industriais deberán elaborar e remitir ás comunidades autónomas en cuxo territorio os poñan no mercado, para a súa aprobación, un plan empresarial de prevención dos seus efectos sobre o ambiente que incluírá, ao menos, a identificación dos mecanismos que se vaian pór en marcha para alongar a súa vida útil e mellorar as súas características, coa finalidade de facilitar a súa rexeneración, reci-

claxe ou outras formas de valorización dos aceites usados xerados despois da súa utilización. Igualmente, nos plans deberanse sinalar as porcentaxes e medidas que se tomarán para incorporar aceites base rexenerados nas formulacións dos aceites novos.

2. Estes plans empresariais de prevención deberanse elaborar no prazo máximo de catro anos, contados a partir da entrada en vigor deste real decreto, e deberán ser revisados, ao menos, unha vez transcorridos catro anos desde a súa aprobación.

3. As medidas incluídas nos plans empresariais de prevención regulados neste artigo poderanse executar mediante acordos voluntarios aprobados polas comunidades autónomas ou mediante convenios de colaboración subscritos entre as citadas administracións e os fabricantes de aceites industriais.

4. Os plans empresariais de prevención de aceites industriais poderanse elaborar a través dos sistemas integrados de xestión de aceites usados regulados no artigo 11, aplicándose, neste caso, as seguintes regras:

a) Será necesario que estean identificados os fabricantes incluídos no ámbito de aplicación do plan empresarial de prevención.

b) Será responsable da correcta elaboración e seguimento destes plans empresariais de prevención a entidade con personalidade xurídica propia a que se lle asigne a xestión do sistema integrado, ben que a execución e a responsabilidade última sobre o seu cumprimento corresponderá en todo caso aos fabricantes de aceites industriais incluídos no seu ámbito de aplicación.

c) Unha vez aprobados, os plans empresariais de prevención serán considerados como parte dos mecanismos de comprobación do cumprimento dos obxectivos de redución do sistema integrado de xestión de que se trate, para efectos do establecido no artigo 12.2.g).

Artigo 5. *Obrigas en relación co almacenamento e tratamento de aceites usados.*

1. Os produtores de aceites usados deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Almacenar os aceites usados en condicións adecuadas, evitando especialmente as mesturas con auga ou con outros residuos non oleaxinosos; evítaranse tamén as súas mesturas con outros residuos oleaxinosos se con isto se dificulta a súa correcta xestión.

b) Dispor de instalacións que permitan a conservación dos aceites usados até a súa recolla e que sexan accesibles aos vehículos encargados para isto.

c) Evitar que os depósitos de aceites usados, incluídos os subterráneos, teñan efectos nocivos sobre o solo.

2. Con carácter xeral, quedan prohibidas as seguintes actuacións:

a) Toda vertedura de aceites usados en augas superficiais ou subterráneas, en calquera zona do mar territorial e nos sistemas de sumidoiros ou de evacuación de augas residuais.

b) Toda vertedura de aceite usado, ou dos residuos derivados do seu tratamento, sobre o solo.

c) Todo tratamento de aceite usado que provoque unha contaminación atmosférica superior ao nivel establecido na lexislación sobre protección do ambiente atmosférico.

3. Os produtores de aceites usados que xeren máis de 500 litros ao ano, así como os xestores de aceites usados, deberán levar un rexistro con indicacións relativas a cantidades, calidade, orixe, localización e datas de entrega e recepción. O mantemento deste rexistro, e a súa inscrición na correspondente comunidade autónoma, eximirá estes produtores do cumprimento do establecido no artigo 22.1 do Real decreto 833/1988, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 20/1986, do 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos.

Sen prexuízo do establecido no artigo 14, o rexistro estará ao dispor da Administración para a súa oportuna verificación, e os produtores e xestores sinalados no

parágrafo anterior deberán comunicar ás autoridades competentes, cando así o soliciten, calquera información referente á xeración, xestión ou depósito dos aceites usados ou dos seus residuos.

En todo caso, poderanse fixar uns coeficientes de conversión que permitan calcular a cantidade de aceite usado xerado en función do equivalente en aceite novo, de acordo co establecido no artigo 1.2.

4. O transporte de aceites usados entre España e outros países, incluídos os pertencentes á Unión Europea, levarase a cabo cumprindo o establecido no Regulamento (CEE) n.º 259/93 do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e ao control dos traslados de residuos no interior, á entrada e á saída da Comunidade Europea. As correspondentes e preceptivas autorizacións supeditaranse á constitución dun seguro de responsabilidade civil, ou prestación de fianza, aval bancario ou outro tipo de garantía financeira que cubra os gastos de transporte e os de valorización.

5. O Ministerio de Medio Ambiente ou, no caso de países pertencentes á Unión Europea, as comunidades autónomas poderán prohibir a entrada no territorio nacional de aceites usados destinados a valorización, cando esta prohibición non sexa contraria á normativa comunitaria nin aos tratados ou convenios internacionais en que España sexa parte e se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 17.2 da Lei 10/1998, do 21 de abril.

Artigo 6. *Sistema de entrega de aceites usados.*

1. De acordo co disposto no artigo 11.1 da Lei 10/1998, do 21 de abril, os produtores e posuidores de aceites usados estarán obrigados a garantir a súa entrega a un xestor autorizado para o efecto, para a súa correcta xestión, a menos que procedan a xestionalos por si mesmos coa autorización correspondente.

2. Para efectos do establecido no número anterior, os produtores e posuidores de aceites usados poderán entregar directamente a un xestor de residuos autorizado para isto ou ben realizar a entrega aos fabricantes de aceites industriais. Neste último caso os fabricantes estarán obrigados a facerse cargo dos aceites usados e a aboar por eles o prezo de mercado, se este for positivo, até unha cantidade de aceite usado calculada a partir da cantidade de aceite novo posto por eles no mercado nacional de aceite industrial, tendo en conta as porcentaxes medias de xeración de aceites usados derivados desta.

3. Unha vez que os fabricantes se fixesen cargo dos aceites usados, de acordo co establecido no número anterior, terán a consideración de produtores deses aceites usados e deberán igualmente garantir que se xestionen de acordo coa orde de preferencias establecida no artigo 7 e que se logren os obxectivos ecolóxicos do artigo 8.

A entrega dos aceites usados aos xestores autorizados deberase levar a cabo cumprindo as exixencias sobre notificación e identificación e o resto dos requisitos establecidos neste real decreto e na lexislación sobre residuos.

4. A entrega de aceites usados que efectúen os produtores aos xestores de aceites usados, ou destes entre si, terá que se formalizar nun «documento de control e seguimento» que deberá conter, polo menos, os datos que se indican no anexo II.

5. As operacións de recolla e transporte dos aceites industriais usados deberanas levar a cabo xestores autorizados.

Artigo 7. *Prioridades na xestión de aceites usados.*

O tratamento mediante rexeneración será prioritario na xestión dos aceites usados que, en todo caso, se levará a cabo por esta orde de preferencias: rexeneración, outras formas de reciclaxe e valorización enerxética.

Artigo 8. *Obxectivos ecolóxicos.*

Os axentes responsables da posta no mercado de aceites industriais estarán obrigados a alcanzar, como

mínimo, os seguintes obxectivos de recuperación, valorización e rexeneración nas datas que se indican:

a) Recuperación do 95 por cento de aceites usados xerados a partir do 1 de xullo de 2006.

b) Valorización do 100 por cento de aceites usados recuperados a partir do 1 de xullo de 2006.

c) Rexeneración de:

1.º Un 55 por cento de aceites usados recuperados a partir do 1 de xaneiro de 2007.

2.º Un 65 por cento de aceites usados recuperados a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Os aceites usados pertencentes aos códigos LER 13 05 e 13 08 considéranse non rexenerables e quedan, por tanto, excluídos destes obxectivos de rexeneración.

Estes obxectivos ecolóxicos serán revisados polo Goberno no ano 2009, tomando en consideración os logros ecolóxicos obtidos e a experiencia acumulada até esa data.

Artigo 9. *Xestión de aceites usados mediante rexeneración.*

1. Os aceites industriais elaborados a partir de aceites de base obtidos de aceites usados rexenerados deberán reunir as especificacións técnicas e as condicións de seguranza exixidas aos aceites novos correspondentes para os usos a que estean destinados. Ademais, a suma do seu contido en policlorobifenilos e policloroterfenilos non poderá exceder 50 ppm. desde a entrada en vigor deste real decreto, e deberán estar exentos desas substancias a partir dun ano despois.

2. Para os efectos deste real decreto só se considerarán como de rexeneración aqueles procesos en que o rendemento en base seca non sexa inferior ao 50 por cento. Esta porcentaxe será do 55 por cento a partir do 1 de xaneiro de 2008. Antes de que finalice o ano 2008 o Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, revisará estas porcentaxes á luz da experiencia adquirida e das mellores técnicas dispoñibles nesa data.

3. Os residuos resultantes do proceso de rexeneración (fondos, cabezas de columnas de destilación, aceite residual non rexenerado, etc.) serán xestionados e valorizados de acordo coa lexislación xeral de residuos e a específica de residuos perigosos. Aqueles residuos para os cales se cumpra o establecido no artigo 10 poderán ser destinados a valorización enerxética.

Artigo 10. *Valorización enerxética de aceites usados.*

1. A valorización enerxética dos aceites usados só se poderá levar a cabo despois das análises e tratamentos previos ou secundarios pertinentes que permitan o cumprimento dos requisitos sobre emisións á atmosfera establecidos na normativa que resulte de aplicación. En particular deberase cumprir todo o exixido no Real decreto 653/2003, do 30 de maio, sobre incineración de residuos.

2. As instalacións que valoricen enerxicamente aceites industriais usados deberán cumprir o establecido nos puntos I e II da alínea d) do artigo 6 do Convenio de Estocolmo sobre Contaminantes Orgánicos Persistentes.

Artigo 11. *Sistemas integrados de xestión de aceites usados.*

1. Os sistemas integrados de xestión de aceites usados son o conxunto de relacións, procedementos, mecanismos e actuacións que, precedendo autorización e supervisión polas comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial se implanten, poñan en marcha os axentes económicos interesados mediante a celebración de acordos voluntarios aprobados ou autorizados polas administracións públicas competentes, ou mediante convenios de colaboración con estas, coa finalidade de garantir a recolla selectiva dos aceites usados e a súa xestión de acordo coa orde de prioridades establecida no artigo 1.1 da Lei 10/1998, do 21 de abril, e no artigo 7 deste real decreto.

2. Para efectos do establecido no número anterior, os sistemas integrados de xestión de residuos deberán estar representados por unha entidade sen ánimo de lucro que deberá gozar de personalidade xurídica propia que asumirá as obrigas que correspondan ao sistema integrado de xestión, de conformidade co establecido neste real decreto.

3. Os fabricantes de aceites industriais poderán cumprir as obrigas establecidas no artigo 6.2 e 3 participando nun sistema integrado de xestión dos produtos por eles comercializados mediante o cal se garantan a recolla selectiva dos aceites usados xerados, a súa xestión de acordo coa orde de prioridade establecida no artigo 7 e os obxectivos ecolóxicos que se establecen no artigo 8.

4. Sen prexuízo do establecido na Lei 11/1997, do 24 de abril, de envases e residuos de envases, os sistemas integrados de xestión de aceites usados deberán contar cun logotipo identificativo mediante o cal, polo menos, se poida comprobar que a posta no mercado do aceite industrial e a recolla do aceite usado se levan a cabo na forma prevista neste artigo e na correspondente autorización; o logotipo figurará en lugar ben visible nos envases dos aceites industriais postos no mercado a través dos fabricantes asociados no sistema de xestión de que se trate.

Artigo 12. *Autorización dos sistemas integrados de xestión de aceites usados.*

1. Os sistemas integrados de xestión de aceites usados deberán ser autorizados polas comunidades autónomas en que se implanten, as cales informarán o Ministerio de Medio Ambiente das autorizacións que concedesen no prazo de dous meses.

2. As autorizacións dos sistemas integrados de xestión de aceites usados conterán, cando menos, as seguintes determinacións, que se deberán acreditar na correspondente solicitude:

- a) Ámbito de aplicación do sistema integrado de xestión.
- b) Identificación e domicilio da entidade a que se atribuirá a xestión do sistema, que deberá ter personalidade xurídica propia e carecer de ánimo de lucro.
- c) Identificación dos axentes económicos que crean o sistema integrado de xestión e da forma en que se poderán adherir a el outros axentes económicos no futuro.
- d) Delimitación do ámbito territorial do sistema integrado de xestión.
- e) Explicación do sistema de recolla que se pretende implantar e do destino que se dará aos aceites usados recollidos.
- f) Identificación dos xestores autorizados que realizarán as operacións de xestión, intermedias ou finais, dos aceites usados, incluídas as de recolla, transporte e, se for o caso, almacenamento, e acreditación documental dos compromisos mediante os cales aqueles garantan que levarán a cabo as mencionadas operacións de forma adecuada durante todo o período de vixencia das respectivas autorizacións.
- g) Porcentaxes previstas en materia de rexeneración, outras formas de reciclaxe, valorización enerxética e, se for o caso, redución dos aceites usados e mecanismos de comprobación do seu cumprimento.
- h) Mecanismos de financiamento e acreditación do logotipo identificativo do sistema integrado de xestión.
- i) Procedementos de subministración de información á Administración autorizante.

3. As autorizacións dos sistemas integrados de xestión de aceites usados terán carácter temporal e concederanse por un período de cinco anos, podendo ser renovadas de forma sucesiva por idéntico período de tempo.

O prazo máximo para contestar as correspondentes solicitudes de autorización será de seis meses.

Artigo 13. *Financiamento dos sistemas integrados de xestión de aceites usados.*

1. Os sistemas integrados de xestión de aceites usados financiaranse mediante a achega polos fabricantes de aceites industriais dunha cantidade, acordada pola entidade a que se asigne a xestión do sistema, por cada quilogramo de aceite posto por primeira vez no mercado nacional.

2. Coa recadación obtida en aplicación do establecido no parágrafo anterior, os sistemas integrados de xestión financiarán todos os custos a que dea lugar a correcta xestión dunha cantidade de aceites usados igual á de aceite usado xerado despois do uso dos aceites novos postos no mercado polos seus asociados. Nos casos en que esa xestión a leven a cabo outras entidades, os sistemas integrados de xestión, coa aprobación das comunidades autónomas, sufragarán o custo destas actividades de xestión de aceites usados, incluíndo un beneficio razoable do xestor, todo isto de acordo cos seguintes criterios:

a) Entre as operacións de xestión de aceites usados que poderán ser obxecto de financiamento de acordo co establecido no parágrafo anterior incluíranse, exclusivamente, as de recolla, transporte, almacenamento, análise, tratamentos previo e secundario e xestión final mediante rexeneración ou outras formas de reciclaxe, tendo en conta a orde de preferencias na xestión dos aceites usados establecida no artigo 7.

b) Non se concederá financiamento adicional se os aceites usados van destinados a valorización enerxética, en calquera das súas variantes ou formas, incluídas as que impliquen a súa utilización como combustibles, carburantes ou en procesos de incineración.

3. Os sistemas integrados de xestión non estarán obrigados a financiar operacións de xestión de aceites usados importados ou adquiridos noutros Estados.

Artigo 14. *Información ás comunidades autónomas.*

1. Antes do día 1 de abril do ano seguinte ao período anual a que estean referidos os datos, os axentes económicos que se sinalan a seguir comunicarán os seguintes datos ao órgano ambiental da comunidade autónoma en que estean domiciliados:

a) Os fabricantes declararán a cantidade total de aceites industriais postos no mercado nacional diferenciando, cando for o caso, aqueles que foron importados ou adquiridos noutros Estados membros da Unión Europea. Estes datos desagregaranse, se for o caso, de acordo co que estableza o Ministerio de Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, en aplicación da disposición derradeira segunda.

Os fabricantes de aceites industriais que participen nun sistema integrado de xestión de aceites usados remitirán a información, antes do día 1 de marzo do ano seguinte, á entidade responsable da súa xestión, quen, pola súa vez, enviará, antes do 1 de abril dese ano, ás comunidades autónomas que autorizen o sistema integrado de xestión, toda a información referida aos axentes económicos domiciliados en cada unha delas.

b) Os axentes económicos que realizen as diferentes operacións de xestión dos aceites usados informarán sobre a cantidade xestionada por cada un deles e o destino final que lles desen.

c) Os sistemas integrados de xestión informarán sobre os aceites industriais postos no mercado a través de cada un deles, así como do destino final que se dese aos aceites usados.

2. Os fabricantes dos aceites industriais e, se for o caso, os sistemas integrados de xestión entregarán antes do mes de xullo de cada ano un informe sobre os obxectivos ecolóxicos alcanzados no ano precedente, tomando como referencia os obxectivos que se establecen no artigo 8.

3. A Administración que reciba a información sinalada no número anterior trataráa adecuadamente con obxecto de facilitar o control do cumprimento dos obxectivos establecidos neste real decreto e permitir ás admi-

nistracións públicas e aos axentes interesados coñecer, en cada ámbito xeográfico de actuación, a magnitude, características e evolución dos fluxos de aceites industriais e de aceites usados.

Para efectos do establecido no parágrafo anterior, a desagregación da información deberá ser suficiente para obter, cando menos, os datos que figuran no anexo I.

Antes do día 1 de maio do ano seguinte ao período anual a que estean referidos os datos, as comunidades autónomas enviarán á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, do Ministerio de Medio Ambiente, a información que recibisen, para efectos da súa remisión á Comisión Europea, a través da vía correspondente.

4. O acceso á información e documentación regulada neste artigo rexeráse polo previsto na lexislación sobre o dereito de acceso á información en materia de ambiente.

5. Da información que teñan que subministrar os axentes económicos ás diferentes administracións públicas en virtude do establecido neste artigo, quedarán excluídos os datos que afecten o segredo comercial ou industrial.

Artigo 15. *Campañas de información e sensibilización.*

1. Para facilitar o cumprimento do establecido neste real decreto, e sen prexuízo das actuacións que se inclúan no Plan Nacional de Residuos Perigosos, no futuro Plan Nacional Integral de Residuos e nos correspondentes plans autonómicos, as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán pór en marcha campañas de información e sensibilización social dirixidas especialmente a garantir que a recolla e o almacenamento dos aceites usados se realice en condicións ambientalmente adecuadas, así como a crear demanda de aceite rexenerado. Estas campañas poderán ser financiadas polos sistemas integrados de xestión de conformidade co establecido nos correspondentes convenios de colaboración coas administracións públicas.

2. Os sistemas integrados de xestión poderán realizar campañas propias de información e sensibilización social dirixidas aos mesmos fins especificados no número anterior.

Artigo 16. *Réxime sancionador.*

O incumprimento das obrigas establecidas neste real decreto dará lugar á aplicación do réxime sancionador establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril, sen prexuízo do previsto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

Disposición adicional primeira. *Aceites usados das Forzas Armadas.*

As Forzas Armadas entregarán a un xestor autorizado para o efecto os aceites industriais usados como consecuencia do exercicio das súas actividades.

Disposición adicional segunda. *Vehículos automóbiles oficiais da Administración xeral do Estado.*

Na Administración xeral do Estado promoverase a compra de aceites rexenerados.

Disposición adicional terceira. *Estatísticas sobre aceites industriais e aceites usados.*

Para efectos do establecido no artigo 14.2 o Ministerio de Medio Ambiente colaborará coas comunidades autónomas para a implantación en cada unha delas de sistemas de recolla de información sobre aceites industriais e aceites usados, coa finalidade de facilitar a correcta elaboración, execución e seguimento do plan nacional de residuos en que se inclúan tales residuos e dos correspondentes plans autonómicos.

Disposición adicional cuarta. *Información sobre a repercusión no prezo do produto dos custos da xestión dos aceites usados.*

Para os aceites industriais postos no mercado a partir da entrada en vigor deste real decreto, os fabricantes

deberán informar os usuarios sobre a repercusión no seu prezo final dos custos de xestión dos aceites usados que se xerarán despois do seu uso. Esta información deberá estar desagregada na factura.

Disposición transitoria única. *Subvención da recolla e xestión até a entrada en vigor da obriga dos fabricantes ou, se for o caso, dos sistemas integrados de xestión.*

O Ministerio de Medio Ambiente subvencionará a recolla e xestión dos aceites industriais usados até a entrada en vigor da obriga de realizar esas operacións por parte dos fabricantes ou, se for o caso, dos sistemas integrados de xestión, en aplicación deste real decreto. Para isto publicará a resolución de convocatoria de acordo coa Orde MAM/2191/2005, do 27 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para concesión das subvencións polas actividades de recuperación e valorización de aceites usados.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Orde do 28 de febreiro de 1989 pola que se regula a xestión de aceites usados, modificada pola Orde do 13 de xuño de 1990.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter de lexislación básica sobre protección do ambiente, de acordo co establecido no artigo 149.1.23.^a da Constitución, salvo o establecido na disposición adicional primeira e na disposición adicional segunda.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento, aplicación e adaptación do real decreto.*

1. O titular do Ministerio de Medio Ambiente ditará, no ámbito das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto.

2. Facúltase o titular do Ministerio de Medio Ambiente, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas, para:

Modificar a lista de produtos e preparacións que teñen a consideración de aceites industriais, para efectos do establecido no artigo 2.a), para adecualas ás modificacións que se introduzan na nomenclatura combinada establecida polo Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común.

Establecer a relación de substancias cuxa utilización se limita ou prohíbe na fabricación de aceites industriais.

Aprobar unha lista de usos de aceites industriais nos cales se exixirá que estes sexan biodegradables.

Modificar a concentración máxima admisible en políclorobifenilos e policloroterfenilos nos aceites industriais elaborados a partir de aceites de base procedentes da rexeneración de aceite industrial usado.

Modificar os anexos deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción das obrigas establecidas para os fabricantes de aceites industriais nos números 6.2 e 6.3 ou, alternativamente, no artigo 11, que serán exixibles a partir do 1 de xaneiro de 2007.

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
CRISTINA NARBONA RUIZ

ANEXO I

Datos mínimos sobre aceites industriais e aceites usados que deberán suministrar os axentes económicos ás comunidades autónomas, consonte o establecido no artigo 14

A. INFORMACIÓN COMÚN SOBRE OS AXENTES ECONÓMICOS:

EMPRESA E NIF:

CENTRO/ESTABLECIMENTO E NÚMERO DE REXISTRO DE ESTABLECIMENTOS INDUSTRIAIS:

ENDEREZO/ POBOACIÓN/ C.P./ PROVINCIA/ COMUNIDADE AUTÓNOMA (C.A.):

B. INFORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE OS FABRICANTES DE ACEITES INDUSTRIAIS:

É FABRICANTE É IMPORTADOR OU ADQUIRENTE INTRACOMUNITARIO

CANTIDADES (Kg)	TIPO DE ACEITE	AUTOMOCIÓN	DE USO INDUSTRIAL	OUTROS
	Postas no mercado da C.A.			

C. INFORMACIÓN ESPECÍFICA SOBRE OS XESTORES DE ACEITES USADOS:

COMUNIDADE AUTÓNOMA DE _____ ANO: _____

C.1. ACEITE INDUSTRIAL USADO XESTIONADO EN TODAS AS SÚAS FASES NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA.

Tipo de xestión realizada			Cantidade (kg)
Operación	Tratamento ⁽¹⁾		
Xestión externa	Rexeneración		
	Reciclaxe		
	Valorización enerxética		
	Outros		
Xestión interna	Rexeneración		
	Reciclaxe		
	Valorización enerxética		
	Outros		

⁽¹⁾ Tratamento:
 Análise (A)
 Tratamento previo (TP)
 Tratamento secundario (TS)
 Outros (O)

C.2. ACEITE INDUSTRIAL USADO NON XESTIONADO EN TODAS AS SÚAS FASES DENTRO DEL ÁMBITO TERRITORIAL DESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA

	OPERACIÓNS REALIZADAS NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA	COMUNIDADE AUTÓNOMA DE DESTINO	CANTIDADE (kg)
ACEITE USADO RECOLLIDO NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA E XESTIONADO NOUTRA DISTINTA			

	OPERACIÓNS REALIZADAS NESTA COMUNIDADE AUTÓNOMA	COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ORIXE	CANTIDADE (kg)
ACEITE USADO RECOLLIDO NOUTRA COMUNIDADE AUTÓNOMA E XESTIONADO NESTA			

ANEXO II

Documentos de control e seguimento dos aceites usados

1. Cos documentos que aquí se exixen preténdese controlar os procesos de transferencia dos aceites usados entre produtor e xestor, ou entre xestores, de maneira que a titularidade e responsabilidade sobre o aceite usado estean perfectamente identificadas.

2. Establécense dous tipos de documentos:

Co documento A contrólase a transferencia de aceite usado de talleres, estacións de engraxamento, garaxes e pequenos produtores de aceites usados a recolletores autorizados para realizar este tipo de recolla. Só se utilizará este documento A cando a entrega ao recolledor non supere a cantidade de 5.000 l.

O documento B é de control e seguimento propiamente dito e con el régúlase a transferencia de aceite usado de recolletores e de produtor a xestores e centros autorizados, ou destes entre si. Así mesmo, empregárase este documento B para todas as entregas ao recolledor superiores a 5.000 l.

3. O recolledor deberá ser autorizado para retirar o aceite usado de talleres, estacións de engraxamento e garaxes, ou de pequenos produtores de aceites usados, polo órgano competente da comunidade autónoma onde vaia efectuar a recolla, responsabilizándose do aceite recollido e do seu envío a un centro autorizado.

4. Os grandes produtores e xestores intermedios estarán obrigados a garantir a entrega dos aceites usados a un xestor ou instalación autorizada para recibilos, cubrindo neste caso o documento B, de control e seguimento.

Documento A.

5. A folia de control de recolla consta de tres exemplares en papel autocalcable de distinta cor, branca (1), verde (2) e amarela (3).

O documento branco (1) é para o órgano competente da comunidade autónoma onde se realice a recolla.

O documento verde (2) é para o órgano competente da comunidade autónoma onde o propio recolledor realice o depósito ou almacenamento previo, antes de enviar a centro xestor ou instalación autorizada.

O documento amarelo (3), que leva no reverso a sinatura do responsable e selo do centro de onde se retira o aceite, permanecerá en posesión do recolledor durante un período de cinco anos.

6. Procedemento que se debe seguir:

Cando o recolledor autorizado efectúe a retirada do aceite usado de talleres, estacións de engraxamento e garaxes, ou de pequenos produtores, deixará aos responsables destes centros o comprobante de entrega, debidamente cuberto.

O recolledor cubrirá cos datos correspondentes de cada comprobante de entrega os espazos da folia de control de recolla, debendo figurar, no reverso da folia (3) amarela, a sinatura do responsable e o selo do centro onde se recolle o aceite usado.

En calquera caso deberá quedar sempre debidamente acreditada a correspondencia entre o comprobante de entrega e a folia de control de recolla.

Unha vez cuberta a folia de control de recolla, procederá a pór data, asinará os tres exemplares e remitirá a folia (1) branca e (2) verde ás correspondentes comunidades autónomas anteriormente indicadas.

O envío do aceite recollido a un xestor ou instalación autorizada (estación de transferencia, valorizador enerxético, rexenerador, etc.) por un recolledor será controlado a través do documento B, documento de control e segu-

mento de aceites usados, e tramitarase de acordo co establecido para el.

Documento B, de control e seguimento.

7. Cando un gran produtor, xestor intermedio ou recolledor de aceites usados os entregue a instalacións autorizadas para almacenalos, tratalos ou valorizalos enerxeticamente, farao mediante o trámite establecido para o documento B.

8. O documento de control e seguimento consta de seis follas, en papel autocalcable e de distinta cor: (1) branca, (2) rosa, (3) amarela, (4) verde, (5) azul e (6) amarela con franxa vermella.

Os espazos reservados para as sinaturas non son autocalcables e deben cubrirse por separado en cada un dos seis exemplares de que consta o documento.

9. Procedemento que se debe seguir: o produtor, recolledor ou xestor que realice o envío cubrirá os datos A, B, C, D e o número correspondente do grupo E, se for necesario, incluída a sinatura autorizada pola empresa.

Conservará para o seu arquivo, durante cinco anos, a copia (2) rosa; remitirá a copia (3) amarela ao órgano competente da comunidade autónoma desde onde fai a remisión; entregará ao transportista as copias (4), (5) e (6), que deberán acompañar os aceites até o lugar de destino. A copia (1) branca é para a Secretaría Xeral para a Prevención da Contaminación e o Cambio Climático do Ministerio de Medio Ambiente.

O transportista verificará os datos do grupo C e asinará no espazo correspondente, e entregará as tres copias restantes ao xestor de destino.

O xestor de destino verificará os datos do grupo D, asinando no espazo correspondente e cubrindo, se for necesario, a epígrafe E, conservando para o seu arquivo durante cinco anos a copia (6) azul; enviará a copia (5), amarela con franxa vermella ao órgano competente da comunidade autónoma onde estea situado o centro receptor, e a copia (4) verde á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente.

ANEXO III

Códigos da nomenclatura combinada¹ que corresponden aos aceites lubricantes de base mineral, sintética ou asimilada de orixe animal incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto

Códigos:

2710 19 71.
2710 19 75.
2710 19 81.
2710 19 83.
2710 19 87.
2710 19 91.
2710 19 93.
2710 19 99.
3403 11 00.
3403 19 10.
3403 19 91.
3403 19 99.
3403 91 00.
3403 99 10.
3403 99 90.
3811 21 00.
3811 29 00.
3811 90 00.
3819 00 00.

¹ Nomenclatura combinada establecida polo Regulamento (CEE) n.º 2658/87 do Consello, do 23 de xullo de 1987, relativo á nomenclatura arancelaria e estatística e ao arancel aduaneiro común.